

## **PREGUNTA DE AER SOBRE CRONOGRAMA DE SANEAMIENTO**

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

“Tendo en conta as seguintes consideracións:

- Que se ten comprobado que en múltiples zonas do concello o saneamento está incompleto, inacabado ou simplemente non existe.
- Que tendo constancia que os veciños de xeito directo ou a través dos consellos parroquiais están demandando e informando das zonas con problemas no saneamento ou zonas sen que aínda se teña realizado.
- Que sendo xusto que tódolos veciños do municipio teñan a mesma igualdade de oportunidades en canto aos servizos municipais que o Concello de Redondela ten a obriga de subministrar.
- Chegándonos información de que nos últimos meses se están destinando partidas e realizando obras de saneamento en zonas de Vilar e Chapela.
- Tendo en conta que as conexións van supor un importante número de usuarios que, ademais do enganche, van pagar as taxas correspondentes como usuarios (26,36€ de cota fixa máis os consumos).
- Supoñendo que as actuacións en saneamento débense realizar en base a unha planificación e non de xeito aleatorio ou improvisado.

**En virtude do anteriormente exposto preguntamos:**

**Cal é a planificación ou cronograma de actuacións en canto a saneamento que o Concello de Redondela está levando a cabo e vai levar a cabo de aquí a fin de mandato? Ese incremento de facturación reverterá no Concello en algo ou só en Aqualia?**

*O concelleiro Álvarez Ballesteros di que non se está a facer de xeito aleatorio e algúns proxectos están pendentes de permisos. Indica o de Penisal, camiño da Carrasqueira, Saramagoso-Viso...etc.*